

Entroido de Laza 2010

[TESTAMENTO DO BURRO DO SEVERINO]

Entroido de Laza 2010, 11-16 de Febreiro

Levaba un tempo apagado,
Dando voltas por a casa
A muller preocupada,
Pero home que che pasa?.

Sen paría en ningún lado,
Sempre de adiante atrás,
Miña nai a preguntarme,
Pero raio, e logo que tras?

Día e noite apapoujado,
Ninguén me vía contento
Pois non atopaba un burro
Que deixara testamento.

Pero todo iso cambiou
Naquel sinalado día,
A tristeza rematou
E trocouse en alegría.

Soou por fin a campana,
Ou era máis ven esquila
O que me levou alá arriba
Ó barrio de Cimadevila.

Non foi mula nin cabalo,
Nin tampouco vos foi besta,
Foi o burro do Severino
O que me deu carne fresca.

Por o tanto este animal
Non ven de fogar baleiro
Chegou de Cimadevila
Da casa do Farrapeiro.

Ei o tedes compañeiros
Este é o burro deste ano,
De pelo tirando a negro
E de nome Cristiano.

Que ben preparado ía,
Do meu asombro non salgo,
Que glamour tiña o burreco,
Igual co Cristiano Ronaldo.

Mira que tedes manía
Por esconder tal manxar
Se despois é a familia
A que máis sole papar.

Xa dicía a Filomena
Ó ver o burro tan mal,
Levádeo cara o Lastredo
Que non morra no curral.

Entonces o Severino,
Curandeiro de postín,
Fregouno cunhas ortigas
Desde as pernas ata a crin.

Si queredes salvar o Cristiano,
E que sirva pra traballar
Hai que darlle estes refregos
Pra facelo reaccionar.

Que sabes máis co veterinario,
Con eso xa che contamos,
Pro dáme que a enfermidade
Éche desa de alá vamos.

Saquémolo do curral
Sen que o vexan os veciños,
Dixo entón a Conchita
Ó ver ós pais aflixidos.

Chamo á Angeles da Moxa
Que organice ela o traslado,
Vísteo de traxe e garabata
E méteo de deputado.

Ninguén se ha dar de conta
Habémolo saber nós solo,
Cando a xente non se entere
Levámolo pra Viana do Bolo.

Entonces saltou a Luisa,
A filla que ten alá,
Para aquí non o mandedes
Que ha de ter a gripe A.

Levo eu, dixo a Josefa,
Que é a que vive en Ourense
A ver se o pico en talladas
Pra vendelo no continente.

Un cacho queda apartado,
Pediuno o Severo e a Estrella,
Se non lles da pra unha festa
Que fagan unha paella.

Se morreu da gripe A
Non ha facer moi bo caldo,
Eso si, en publicidade
Será mellor co Ronaldo.

Díxome o Manolo Chorro,
Tes que repartilo ben,
Mira que son da familia
Eu quero un cacho tamén.

Todo díos é a pedir,
Máis, esperade un pouquiño,
Que aínda teño algunhas cousas
Que atopei por o camiño.

Chegou o apagón analóxico,
Xa fai prai trinta días,
Algúns non se deron conta
E pillounos nas pavías.

Por exemplo o Nicolas,
Oíu falar de apagón,
Agarrou un petromás
E conectoullo á televisión.

A xente está descentrada,
Fixéronnos boa faena,
O Galloso que era calvo
Aparece con melena.

Eso mesmo dixo o galo,
Esto é unha trapallada,
Antes vía o padre casares
E agora vexo á colorada.

Ei tedes tamén ó Carroucas,
Nunca foi de prensa rosa,
Pois dicen que está apuntado
A “granjero busca esposa”.

Ou o Paco do Barbeiro,
Ese si que anda contento,
Antes vía tres cadeas
Agora seica ve un cento.

Eu non sei como vos fixo,
Enchufou o tdt ó forno,
Dálle os mandos da cociña
E ve a película porno.

Claro, xa me dou de conta
O que din por aí algúns,
Non sae o venres á noite
Por que queda a ver o plus.

Contáronme que os das Eiras
Ala no alto da Pica
Montaron un tdt
Que a todos os comunica.

Se non houbera pelexas
Pois si que estaría ben,
Pro ó cambiar un de cadena
Cambian as outras tamén

A política do pobo
Forma parte da vida,
Voume parar un anaco
Que este ano houbo movida.

Non o vistes no periódico,
Saíu ata na region,
“los socialistas de laza
Abandonan la oposición”.

Que carallo lles farían,
Non me toquédelo nabo,
Que fuxiron a correr
Como un can cunha lata ó rabo.

As linguas murmuradoras
Seica dicían por aí
Que querían ir Ós plenos
Disfrazados de travestí.

Home, eu eso non o creo,
Pois santo cristo nos valga,
Pra ver ó Geli e ó Dopa
Vestidos de minifalda.

Seica dixo o Zapatero
Por a honra do partido,
Somos xente moi decente
Non queremos travestidos.

Moito lle deron Á lingua,
Xa che mo ten dito algún
Aquí andar por atrás
É unha practica moi común.

En Madrid chámanlle julais,
“Capulles” dinlle en Asturias,
A eses no meu idioma
Chámolles “cagabandurrias”.

Algunha xente de fora
Ven facendo comentarios,
Pensan que aquí non hai crises
Que todo son millonarios.

Igual creen que as patacas
Xa nos saen no montón,
As leitugas na nevera
E os tomates no caixón.

Os xamóns e as paletillas
Xa non entran ó saleiro,
E así por arte de maxia
Aparecen no mosqueiro.

Que aquí temos todo a man,
Quererán dicir no eido?
Pero ó terse que agachar
Aínda se escapa algún peido.

E claro, non se dan conta,
Que a terra haina que cavar,
As herbas hai que arrancalas
E os marraus hai que cebar.

Por a noite ir ás castañas
Sin ter medo da noitebra,
Dobregar ben o espiñazo
Pra que saian pata negra.

En Madrid no hay jamones,
Ni chorizo, ni calabacín,
Como non os vai “avere”
Si os anuncia ata o Bertín.

Si, pero nos cuesta cartos,
Aquí es mucho mas barato,
En la casa de mi tía
Ya me aparece en el plato.

Así somos os do pueblo,
Fartos, de bo corazón,
Pro si pisamos no angazo
Tamén che nos da un hostión.

-----°

Laza é un pobo moi completo
Aquí non falta de nada
Ata temos prensa rosa
Pra ter á xente informada.

Antes eran os cotillas
Os que sacaban da duda,
Agora son os “paparaccis”
Os que anda a pescuda.

Saíu na revista “hola”,
Tamén na televisión,
A min catrocentos euros
Coustome esta información.

Saltou a noticia do ano,
Eu da alegría non quepo,
Co romance dá Sarita
E do meu primo o Folepo.

Aprendede do Paquiño,
Listo como un silabario
Ai o temos convertido
No disjockey do campanario.

Como son amigos meus
Pregunteille á Sarita,
O de como sucedeu
Esa cousa tan bonita.

Contestoume entonces ela,
Non me puiden aguantar
Pois deixoume namorada
Ó sentilo repicar.

Cando o Paco toca a tronos
Pasa por min un calor,
Poño a mau aquí no peito
Entón canto sen pudor.

Paquito, mi campanero
Cuando te oigo repicar
Pasa por mi un temblequillo
Ay mi Paquillo, por que será.

Mira que “tó” “er” mundo “dise”
Que como tú no hay quién toque igual,
Dicen que eres muy bueno
“Ar Maiker Jackson ya te quieren comparar.

Tocamela Folepiño
Que voy a misa pa escucharte..ay, repi..nicar,
Tocamela Folepiño
Que con ese repiniqueo me haces dis...frutar.

Ai campanero,
Tocamelas que yo quiero,
Dale a las campanas con más ganas
Que yo tengo dos... Ay campanero.

Na festa do Santo Cristo
Cando pasa a procesión
Desde o alto das escaleiras
Ti fasme as veiras co teu din-don.

Eu miro pro campanario
Quero ir “prarriba”, cómo farei?
“ajancho” por a parede
Como facía o king-kong no Empire state.

Repicame Folepillo
Que vou a misa pra escoitarte ai, repi..nicar,
Repicame Folepillo,
Que con ese repiniqueo fasme alu...cinar.

Ai campaneiro,
Por díos non me seas larpeiro,
As maus ás campanas, ti badanas
Deixa de tocarme no traseiro.

A crise non nos da tregua
Trae á xente esfarrapada,
Meten os castos no banco
E non queren gastar nada.

Eí está sen ir máis lonxe
A Carmiña do Correas,
Pra non encender a estufa
Votou man dunhas ideas.

Ten por ei vinte gatos
Cada un do seu color,
Méteos con ela na cama
Por que así danlle calor.

Seica lle ten dito o Herminio,
Si non podes soportalo,
E ves que aínda tés frío,
Métoche ai o meu cabalo.

Vai á merda, díxolle ela,
Malo raio que te espete,
Pra que quero un cabalo,
Se xa son eu cabaleta.

A crise danos no lombo,
Ninguén se che escapa dela,
Algúns para non gastar,
O que fan ten moita tela.

Cando apertan as “civelas”
A xente si que cavila
Ei tedes por exemplo,
Ó Moreno de Cimadevila.

Como o aceite está moi caro
E ten máis colesterol,
Pra fritir unha chuleta
Bótalle Fairi ou Mistol.

Un método innovador,
E moi limpo, xa o sabemos,
Deste xeito, si señor,
Come sano e gasta menos.

Aplicade logo o conto,
Contra crise deste ano
A receta do Moreno
É me mellor ca do Arguiñano.

O slogan é bonito,
Pois a min ata me gusta,
Para fritir uns bistés
Use usted Fairi ultra.

A crises na xuventude
Algo se había de notar
Alquilaron a casa do largo
Para non gastar no bar.

Teñen todo moi limpiño
E si compran vai a escote
Cantan, bailan, comen, brincan,
E ata mollan..... o gáñote.

Na mentres tanto as veciñas
Non paran de murmurar,
E fan garda por as noites,
Por conta de os vixiar.

Ai, díos mío!!! Dice a Pepa,
Eso é algo inhumano,
Revolcados uns cos outros
Éche como o “gran hermano”.

Pero eso non é o peor,
Di a Maruja do Galo,
Cando poñen ó Melendi
O meu home ponse malo.

Eu non sei si é a musiquiña
Ou si é o viño novo,
Pro o Galo levanta a crista
E pica en min como un lobo.

Ben que sexa discoteca
Ben que sexa o gran hermano
Os rapaces levan xuntos,
Xa vai alá máis dun ano.

Pra que sempre esteades xuntos
E nunca vos levedes mal,
O que mais ata é unha corda,
Heivos gardar o ramal.

Respetade os vosos pais,
Ai que non haxa fallo,
Pro na vosa vida amorosa
Mandades vós, e o carallo.

Veño a dar unha noticia
Que me causou conmoción
A Isolina do Cachoupo
Quere ir a eurovisión.

Pero muller díxenlle eu,
Mira que tes que ir a tele,
Pois a min dácheme igual
Que canto mellor ca Carmele.

Entón quixen escoitar
Que tal lle pegaba o cante,
Desde logo, sen dudalo,
Mellor ca Carmele Marchante.

Ata ten coreografía
En non lle sae nada mal,
Cando da o salto pra arriba
Parece o David Bisbal.

Eu non son como os políticos
Que vos falan por falar,
Veredes que non vos minto
Podédelo comprobar.

Señoras e máis señores,
Veciños e autoridades,
Homes, mulleres e nenos,
Para todos os que estades.

Chegada desde o toural
Unha cantante divina,
Aquí con todos vostedes,
La terremoto Isolina.

(sale a Isolina a cantar)

Non andedes con monadas,
A ver se me vou olvidar,
Pra que vaia a eurovisión
Non deixedes de votar.

Collede o telefono móbil,
E mandades co aparato,
La terremoto Isolina,
O sete, sete, oito, catro

Téñolle algo que dicir,
Aínda que ela non queira
Douche as gracias Isolina
Por ser así de entroideira.

En Laza a tecnoloxía,
Chega entre pitos e flautas,
Vai entrando pouco a pouco
Xa hai moitos internautas.

Ai no baixo do concello
Si vos conto, vaia tela,
Atopeime coa consuelo
Chateando co Couquela.

Hackeando por a rede
Funlle dar coa dirección,
sexyboy_couquela arroba
Saca y mete punto com. (guau)

Tamén estaba o Roliño,
Moi caladiño, por certo,
“jipei” así de reollo
E tiña o Messenger aberto.

Estaba todo contento
Falando con unha tía,
E agora compañeiros
Veredes o que lle dicía.

Tengo los ojos azules,
Mido un metro noventa,
Tenjo un mercedes y un porche
E dos pisos a la venta. (cágate)

Tamén dos porcos de ceba
Y una novia brasileira,
Una honda sete y medio
E un chimpín en la palleira.

He de dicirte tamén,
Espero que non estrese,
Que tengo una motoserra
Con bluetooth y GPS.

Si quieres contacto conmigo
Apunta mi dirección
Solterodeoro_elrolo
Algarroba punto com.

Quen tamén anda no lío
É a Manola do Bragas
Como vive alí ó lado
Xa chatea que te cagas.

Ei cara a media tarde
Xúntanse ela e máis a Chon,
Arrancan cara o Concello
A iniciar a conexión.

Como son tan relixiosas,
Arremárganse a camisa,
Encenden o karaoke
Pra cantar cancións da misa.

Despois cando xa se cansan,
Danlle ó navegador e “raca”,
Conectan con Vaticano
Entón chatean co papa.

**Como cada media tarde
Santidade aquí estamos,
Vótenos a bendición
A ver si así remozamos.**

**Non pidades imposibles
Que eso é cousa de mangos,
Urbi e torbi ego bendigo
Pero non fago milagros.**

Falando da evolución
Esto non acaba aquí
Agora deulles á xente
Por comprar todos a “GUP”.

Non pensedes que vos minto,
Nin que isto é cousa miña
Poucas casas hai sen ela
No barrio da Cerdeiriña.

Foi a Minda e o Mente
Os primeiros na comprar
Desde a maña ata a noite
Non a deixan descansar.

Aí vedes logo ò Mente,
Que antes non facía nada,
Xogando o tenis coa wii
Ten a casa escarallada.

Eu non sei como se apaña,
Xa dice a Minda, por díos,
Manda cada barquinazo
Pensa que é Roland Garros.

A wii ten todo o que queiras,
Deportes de todos os estilos,
O Mente en menos dun ano
Xa adelgazou vinte quilos.

Ninguén dice que a ten,
Todo díos anda o despiste,
E funa atopar tamén
Na casa do Luis do Chiste.

Estes danlle outro uso,
Collen de cando en vez,
Póñense nela acabalo
E alá van os dous pra Trez.

Berra a Celia desde o patio,
Amárrate a táboa “Lui”
Mete o mando no bolsiño
Que vamos a Trez na “gui”.

Xa me ten dito o Bexea.
Cando vamos a Verín,
O Luis na “gui” ieu non coche,
Sempre chega antes ca min.

A ultima que a comprou
Foi a Carmen do Véégé,
E todas as mulleres da casa
Andan dándolle o ballet.

A min quen me contou eso
Foi o Loliño do Ardillas,
Dixo que leva tres meses
Sen ver á muller e ás fillas.

A Vera é a monitora,
A Carme na produción,
A Mari a coreografía
E a Alba na dirección.

Cando dan as dez da noite
Meten a pequena na cama,
e empezan a prepararse
pra ir o programa “FAMA”.

Nada mais chegar a Laza
Entrando por as cortiñas,
Dixéronme, e logo non sabes?
Temos dúas novas veciñas.

Fun ás voltas por o pobo,
Aduben de aquí pra alá,
E dixéronme que eran,
Dúas monxas da “carida”.

Pensei para min entonces,
Xa sabes con quen a xogas,
Non precisei preguntar
Si eran vellas ou novas.

So tiven que sentarme
A entrada do canellón,
E o primeiro que atopei
Foi o Toño Percherón.

Díxome medio a escondidas,
Por Díos non fagas barullo,
Que lle vou levar ás monxas
Un touciño e un bandullo.

Pensei, aquí hai movida,
Quedei no coio de xeixo,
E alá aparece o Gigi
Con sete leitugas e un queixo.

Non pasou nin media hora,
O Zoilo cun saco ás costas,
E logo que levas Toño?
Como son afrodisíacas, levo ostras.

Eu xa estaba alucinando
O ver aqueles amagos,
E pensei, manda carallo!
Parecen os tres reis magos.

Pero non acaba aquí,
Faltaba o papa Noel,
Alá se presenta o Rubes
Con sete botes de mel.

Pra acabar de rematala
Díxome o Enrique Cheto,
Lévolle a vaca e o burro
E xa está o belén completo.

As cousas todas da casa
Mandáronas retirar,
Nin nevera, nin lavadora,
Nin maquina de depilar.

De colchón unhos cadrozos,
Pra sentar sentan no piso,
E solo ven esa serie,
“sin tetas no hay paraíso”.

Viven na casa valeira,
E aínda que non mo creades,
Teñen algún problemíña
Con eso das necesidades.

Quen lles podía arranxar
Este tema tan severo?,
Alá foron a falar
Co cura Don Luis Romero.

Venimos humildemente
A junto de usted don Luís
Por que no tenemos donde
Podamos hacer un pis.

Don Luís quedou pensativo
E dixo cheo de razón,
No os preocupéis hermanas
Que tengo la solución.

Como no usáis la lavadora
La ponéis en el chau tumbada
Le abrí la porta del bombo
Y echáis allí la meada.

Está bien, dixéronlle elas,
Es una idea moi buena,
Pero luego como hacemos
Pra tirar de la cadena?

Pois eso aínda es más fácil,
Sistema de prelavado,
Programa de ropa sucia,
Y dais al centrifugado.

Agora son outros tempos,
Este é un novo amanecer,
Os homes acatan ordes,
As mulleres ó poder.

Que sería daquel cantar,
Que fai anos se cantaba?
Di que onde están as mulleres
Todo se volve empanada.

A min mal non me parece,
Da xustiza son testigo,
Pro veredes compañeiros
Que pasou cun meu amigo.

Desta forma tan curiosa,
Este feito aconteceu,
Así me chegou o caso,
E así volo conto eu.

**Xa non quero coa muller seguir vivindo
O que fixo xa non pode perdoarse
Que se vaia, non desexo estar sufrindo
Certas cousas non poden olvidarse.**

**Perdonaia, perdonaia
E doce, foiche fiel é unha dama
Perdonaia, perdonaia,
Seguro que aínda ela te ama.**

**Xa non quero coa muller seguir vivindo
Pra facer o que me fai hai que te bazo
Esa tarde cando xa se estaba indo
Arreoume na cabeza cun cantazo.**

**Perdonaia, tranquilo,
Olvida, non lle deas importancia
E pensa que o Antonio ha estar contento,
Serás o mellor cliente da farmacia.**

**Xa non quero coa muller seguir vivindo
A nosa vida foi amarga como a fel,
Esa tarde cando xa se estaba indo
Confesoume que nunca me foi fiel.(dálle)**

**Toleraia, ten calma,
Foron soio vinte homes ata ayer,
E pensa que o peor aínda sería
Que algún te cepillara a ti tamén.**

**Xa non quero coa muller seguir vivindo
Desa fada non quero saber nada,
Esa tarde cando xa se estaba indo
Arrancou atrás de min cunha machada.**

**Perdonaia, eso non é nada,
Convén que nunhos días non a vexas,
Nas mellores parellas hai pelexas,
E case todas se persiguen coa machada.**

**Xa non quero coa muller seguir vivindo,
Non hai cristo que poda coa condenada,
Esa tarde cando xa se estaba indo,
Perseguiume por a horta cunha aixada.**

**Perdonaia, díos mío,
Eí houbo un error, eso seguro,
Pensou que lle pisaban as leitugas
E igual te confundiu con un teixugo.**

**Xa non quero coa muller seguir vivindo,
Os meus amigos nunca foron do seu agrado,
Esa tarde cando xa se estaba indo
Opinou que eran unhos desgraciados.**

**Olvidaia, debes olvidala,
De esa bruxa por fin te libérase,
Pero cóntanos antes de olvidala,
Que foi o peor, o que non lle perdóache.**

**O ultimo que fixo foi o tremendo,
Eso si que non pode perdoarse,
Esa tarde cando xa se estaba indo
Decidiu quedarse.**

Así empezo co reparto
Xa teño aí o burro listo,
Que non haxa desencanto
Si non hai pra todo cristo.

Este ano casouse o me fillo
Non o vou deixar baleiro
Que para eso é meu fillo
i-eu son o testamenteiro.

O día da voda, díos mío,
Vaia maña que me deu,
Que si vamos xa pra igrexa,
Que si o cura aínda non veu.

Que si teño que ir diante,
Que si onde está o rapaciño,
Que si teño que ir cambiarme
Que caguei no calzoncillo.

Díxenlle eu..manda carallo.
Pero coño! ti non paras?
Estate un pouco tranquilo,
Nin que nunca te casaras.

Mira pra túa muller,
Ai a tes tan tranquila,
Que ó ir bautizar ó rapaz,
Meteu a cabeza na pila.

Despois cando dixo o cura
O tema de que se bese,
Non encontraba á novia
E arrancou de GPS.

Eu non sei nin como fixo,
Que ó ir arrimar o fociño,
Equivocouse de lado
E deulle un morreo ó padriño.

Despois pra chegar á igrexa
Montou un berengenal
Que si a voda era no puente
El foi cara a catedral.

O Jabullo e mais o Mario
Que tiña que ir de testigo,
No che sei como fixeron
Que xa ían camiño de Vigo.

O Miro e máis a Milagros
Cometeron un desliz,
Vinte voltas na rotonda
E arrancaron pra Allariz.

A Mimi e a miña madriña,
E a tía Marisa igual,
Tivo que levalas a misa
A policía municipal.

Meus primos foron mais finos,
Tamén perderon o andante,
E saltáronse o da misa
Marcharon pro restaurante.

Na cabeza do grupiño
O Luis, o Ramón e o Moises,
Non querían aperitivo,
A nós ponnos uns xastrés.

Os meus pais e o meu irmau
Non se atopaban tampouco
E metéronse en outra voda
Que había na igrexa do couto.

Díxolle o cura o meu pai,
Non será vostede o padriño?
Son o tal, si señor,
E este calvo e monaguillo.

Pero esto non acaba aquí,
Escoitade o que vos diga,
Que o netiño andaba malo
Con dolores de barriga.

Puxéronlle mal o panal,
Ou mal, ou de mala gana,
Que botoulle un peido ó cura
E embadurnoulle a sotana.

E claro, buscan culpables,
Como eu as pago todas,
Agora na miña familia
Xa non me invitan ás vodas.

Aquí teño as angarillas
Para darllas ó Rafael
Está gordo domo un bispo
Non hai díos que pegue del.

O peor de todo o asunto
É cando se vai deitar
Como sempre rebenta a cama
Tivéronlla que apuntalar.

Un día rachouna ó medio
E alí quedou entalado,
Entre o Hermino e o Roquete
Non o daban levantado.

Puxeron unha roldana
Con catro homes tirando
Canto eles máis tiraban
El máis se ía incrustando.

Coa roldana non saía,
Pois que facemos agora?
E tivo que vir o Chancas
Sacalo coa paleadora.

Este ano o cabeceiro
É pro Vicente do coro,
Para que estea máis atento
E que ande un pouco o loro.

Saíu do bar do Pistijos,
Disposto a ir pra casa
Deu a volta o ir onda porta
Foi tomar outra copina.

Despois xa de catro intentos
Como non hai quinto malo,
Conseguii montar no coche
E por fin puido arrancalo.

Ala marcha pista abaixo
E algo raro aconteceu,
O home non ía a gusto
Como si o coche non fora o seu.

Na guantera un pinta labios
Nunha bolsa un camisón,
Carallo! Dixo o Vicente,
Pois eu travestí non son.

Ía medio alucinado,
Hai que velo pra créelo,
Cando foi poñer a gora
Tiña unha pinza no pelo.

Meteu un frenazo en seco
Saíu do coche a correr,
Eu así non vou a casa
Si non márame a muller.

Pero home, pero home,
Onde tes a cabeciña,
Déixache alí o teu coche
e márchache co da Carmiña.

Do que pasou esa noite,
Como foi e como é,
Dicen que agora os do coro
Queren gravar un CD.

**Pero e logo pra onde vas Vicente,
Vou pra casa que estou un pouco quente,
Achegámoste nos de moito agrado
Teño o coche eu aí ben aparcado.**

**Era noite e berraban as “jarduñas”
Cando el se atopou co pinta uñas,
Deu un salto co susto, xa te cagas
Cando mira pro asento e ve unhas bragas.**

**Foi abrir a “guantera”, e alí había,
Mas colonia que nunha droguería,
Dixo o pobre Vicente, esto é unha pena,
Vou parecer a Carmen de Mairena.**

**Arnejado se o demo, é imposible,
Han pensar que son Boris Izaguirre,
Esto a min non me pode estar pasando,
Parece que me andan tuneando.**

**A Carmiña tras del como unha loba,
Ese coche éche meu bótate fora,
Tesme que desculpar, dixo o Vicente,
Miña culpa non foi, foi da augardente.**

A Manola do Criez
Ándavos moi desgustada
Perdeu unha leira de millo
Foi así como se nada.

Solo a ela se lle ocorre
Manda Ós fillos sulfatar,
É como darlle a Bin Laden
Unha bomba pra ir cavar.

Cando está a romper o día,
Cara as sete da mañá,
Foron sulfatar o millo
Por eso da gripe A.

Un arreando ca maquina,
O outro con unhas latas,
Un votáballe cal viva,
E o outro mata ratas.

Aquelo había que velo,
Todo estaba feito trizas,
O que era unha leira verde,
Quedou reducida a cenizas.

Cando viron a escachiza,
Marcharon a correr co medo,
E botaron prai quince días
Durmindo alá no Lastredo.

Pra que non sea todo perda
Ei che van logo a costelas,
Prepáralas os rapaces
Ou senón dálle con elas.

O Cardolas do Pelona
Puido facer un apaño
Coas mulleres do obradoiro
Quedou pechado no baño.

Non quere saber de mozas,
Pois mira ti, vela ai tes,
Non lle chegaba con unha
Senón que quedou con tres.

Exclamou, jasús díos mío,
Non vía trazas de escapar,
Agarráronme entre todas
E queríanme violar.

Por díos que trago pasei,
Xa sei que son atractivo,
Aínda así non aguantei,
E cisquei no calzoncillo.

Co apuro que levou
Non paraba de suar,
Por eso creo que leva
Catro meses sen cagar.

Pois entonces non hai duda,
Pra pegar da cagarrincha,
Doulle un cacho do burreco,
Que se amarre ben coa cincha.

Teño un amigo por aí,
Que se me enfade non quero,
Por eso lle dou os ollos
Para o Lolo Colmenero.

Marchou pra montar no coche,
O Loliño tan campante,
E cal foi a súa sorpresa?
Que non estaba o volante.

Apliquémoslle o teorema
Do amigos Pitagorás,
Como vas a ter volante
Si estás no asento de atrás.

Mecajo ata no carallo!!
Díxome a min a Mila,
O levarse mal cos coches
É defecto de familia.

Aquí os músicos da orquestra
Creo que me teñen fichado
Por que dinlle os cagallóns
Do burro o ano pasado.

Desta volta heime esmerar,
Vaille cambiar a viola,
Pra que queden máis contentos
Entonces doulle a pirola.

Estará pensando a cantante,
Que guarro é este desgraciado,
Pero pódeme crer,
Éche o cacho máispreciado.

Antes eran as mulleres
Quenes toleaban por tela,
Desde que abriron os armarios
Ata os homes pelexan por ela.

Este ano pasei o Entroido
Entre a terra e mais o ceo,
Ata alí cheguei nun soño,
Parece que non o creo.

Petei sen pedir permiso,
San pedro deixoume entrar,
Ó ver o que alí había
Xa non puideron nin falar.

Dunha nube celestial
Saíron seis Peliqueiros,
E souben que eran de Laza
Por o estilo e por os feitos.

Entón miraron pra min,
Fixéronme tremer a carne,
Ei están os meus amigos,
E tiven que arrodillarme.

Por diante o Lolo do Lero,
O Calchano por atrás,
Ei van os tres Manolos,
Pois tamén ía o Colas.

Outros tres saen correndo,
Un é Fonso Portajero,
Os dous Joses van con el,
O do Bragas e o Gerrero.

No alto dunhas penedas,
Na man cun papel escrito,
Estaban alí á porfía
O Níco máis o Alfredito.

Ben quixen subir arriba
Mais non puideron acceder,
Dixéronme, vai pra Laza,
Tes traballo que facer.

Ai que soño tan bonito,
Aínda que fora cortiño,
Tamén levei un recordo
Do neno de Souteliño.

Quen se puidera esquecer,
Pro nin sei, nin dou, nin poido,
Cando me dixo ó pasar,
Hoxe o ceo cheira a Entroido.

De repente estaban todos,
Os veciños do meu pobo,
E por fin quedei tranquilo
Pra espertar daquel meu sono.

Mais cando xa ía marchando
Vinlles cara de tristeza,
Algo esperaban de min,
Revolvinme con firmeza.

Entón fixen o que sei,
E coa alma de Peliqueiro,
Co espírito libre de falcón,
Co corazón de testamenteiro.

Enchín o peito de rabia,
Levantei a man con raza
e todos berraron comigo,
VIVA O ENTROIDO DE LAZA.